

Concello de Viveiro

EXPTE.- 4663/2019

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo do martes, 24 de xullo de 2019 N.º 169, publícase a convocatoria do proceso para a selección de DOUS ADMINISTRATIVOS con carácter temporal, como empregados públicos para a execución das obras ou prestacións de servizos no Concello de Viveiro, incluídas no programa “Fomento do Emprego 2019” segundo as bases reguladoras do plan provincial único de cooperación cos Concellos 2019.

Vistas as bases xerais, específicas e anexo polas que se establecen as normas que rexerán o proceso selectivo para cubrir, con carácter temporal, mediante a modalidade de funcionario interino, como empregado público para a execución das obras ou prestacións de servizos no concello de Viveiro, incluídas no programa “Fomento do Emprego 2019” segundo as bases reguladoras do Plan Provincial Único de cooperación cos Concellos 2019.

Vista a base 7.2, que sinala “(...)O Tribunal continuará constituído ata que non se resolvan as reclamacións suscitadas ou as dúbidas que poida suscitar o procedemento selectivo...”

Vista a proposta do Tribunal do proceso selectivo para cubrir, con carácter temporal, dous postos de administrativo, que consta no expediente.

Vista a solicitude presentada por Dna. María Paloma Quelle Aramburo o día 14 de agosto de 2019 e número de rexistro 2019-E-RC-5492, na que procede a presentar reclamación relativa a baremación realizada en referencia á experiencia laboral e á presentación do Celga 4.

Vista o escrito presentado por Dna. María Paloma Quelle Aramburo o día 19 de agosto de 2019, complementario ao escrito de reclamacións presentado o 14 de agosto de 2019 para revisión de valoración do proceso para selección de dúas prazas de administrativo (Programa Fomento do Emprego 2019)

RESOLVO

PRIMEIRO.- Citar aos membros do Tribunal para que comparezan na sala de Xuntas deste Concello de Viveiro o **Martes día 20 de agosto de 2019, ás 09:00 horas**, aos efectos de emitir proposta respecto da reclamación presentada por Dna. María Paloma Quelle Aramburo.

SEGUNDO.- Notificar a presente Resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante min, O Secretario Acctal., ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

Jose Vivero Russo

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147

